

TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN GALEGO

1. Segundo o artigo 62 da Constitución Española do 27 de decembro de 1978, corresponde ao Rei:
 - a) Aprobar as leis.
 - b) Sancionar e promulgar as leis.
 - c) Propoñer as leis.
 - d) Exercer a potestade regulamentaria.

2. Segundo o artigo 94 da Constitución Española do 27 de decembro de 1978:
 - a) A prestación do consentimento do Estado para obrigarse por medio de tratados ou convenios requirirá a previa autorización das Cortes Xerais en todo caso.
 - b) A prestación do consentimento do Estado para obrigarse por medio de tratados ou convenios non requirirá a previa autorización das Cortes Xerais en ningún caso.
 - c) A prestación do consentimento do Estado para obrigarse por medio de tratados ou convenios requirirá a previa autorización das Cortes Xerais no caso, entre outros, de tratados ou convenios que afecten á integridade territorial do Estado.
 - d) A prestación do consentimento do Estado para obrigarse por medio de tratados ou convenios requirirá a previa autorización do Goberno no caso, entre outros, de tratados ou convenios que afecten á integridade territorial do Estado.

3. Segundo o artigo 97 da Constitución Española do 27 de decembro de 1978:
 - a) O goberno exerce a función executiva e a potestade regulamentaria.
 - b) O goberno aproba os Orzamentos do Estado.
 - c) O goberno accredita aos embaixadores e outros representantes diplomáticos.
 - d) Ao goberno correspóndelle declarar a guerra e facer a paz.

4. Segundo o artigo 159 da Constitución Española do 27 de decembro de 1978:
 - a) Os membros do Tribunal Constitucional serán designados por un período de nove anos e renovaranse por terceiras partes cada catro.
 - b) Os membros do Tribunal Constitucional serán designados por un período de nove anos e renovaranse por cuartas partes cada tres.
 - c) Os membros do Tribunal Constitucional serán designados por un período de catro anos e renovaranse por terceiras partes cada tres.
 - d) Os membros do Tribunal Constitucional serán designados por un período de nove anos e renovaranse por terceiras partes cada tres.

5. Segundo o artigo 7 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de autonomía de Galicia:
 - a) As Comunidades galegas asentadas fóra de Galicia poderán solicitar, como tales, o recoñecemento da súa galeguidade entendida como o dereito para obter a veciñanza administrativa en calquera dos municipios de Galicia.
 - b) As Comunidades galegas asentadas fóra de Galicia poderán solicitar, como tales, o recoñecemento da súa galeguidade entendida como o pleno recoñecemento dos seus dereitos políticos en Galicia.
 - c) As Comunidades galegas asentadas fóra de Galicia poderán solicitar, como tales, o recoñecemento da súa galeguidade entendida como o dereito para colaborar e compartir a vida social e cultural do pobo galego.
 - d) As Comunidades galegas asentadas fóra de Galicia poderán solicitar, como tales, o recoñecemento da súa galeguidade entendida como o dereito para vivir e traballar na súa propia terra.
6. Segundo o artigo 36 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de autonomía de Galicia:
 - a) A Comunidade Autónoma poderá establecer acordos de cooperación con outras Comunidades Autónomas, previa autorización do Congreso dos Deputados.
 - b) A Comunidade Autónoma poderá establecer acordos de cooperación con outras Comunidades Autónomas, previa autorización do Senado.
 - c) A Comunidade Autónoma poderá establecer acordos de cooperación con outras Comunidades Autónomas, previa autorización das Cortes Xerais.
 - d) A Comunidade Autónoma poderá establecer acordos de cooperación con outras Comunidades Autónomas, previa autorización do Goberno.
7. Segundo o artigo 1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, de Valedor do Pobo de Galicia:
 - a) O Valedor do Pobo é o alto comisionado do Tribunal Supremo para a defensa, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma, dos dereitos fundamentais e as liberdades públicas recoñecidos na Constitución.
 - b) O Valedor do Pobo é o alto comisionado do Tribunal Superior de Xustiza para a defensa, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma, dos dereitos fundamentais e as liberdades públicas recoñecidos na Constitución.
 - c) O Valedor do Pobo é o alto comisionado da Xunta de Galicia para a defensa, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma, dos dereitos fundamentais e as liberdades públicas recoñecidos na Constitución.
 - d) O Valedor do Pobo é o alto comisionado do Parlamento de Galicia para a defensa, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma, dos dereitos fundamentais e as liberdades públicas recoñecidos na Constitución.

8. Segundo o artigo 14 do Tratado da Unión Europea:

- a) O Parlamento Europeo estará composto por representantes dos cidadáns da Unión. O seu número non excederá de setecentos cincuenta, incluído o presidente.
- b) O Parlamento Europeo estará composto por representantes dos cidadáns da Unión. O seu número non excederá de setecentos cincuenta, máis o presidente.
- c) O Parlamento Europeo estará composto por representantes dos cidadáns da Unión. O seu número non excederá de seiscentos cincuenta, máis o presidente.
- d) O Parlamento Europeo estará composto por representantes dos cidadáns da Unión. O seu número non excederá de seiscentos cincuenta, sen contar ao presidente.

9. Segundo o artigo 15 do Tratado da Unión Europea:

- a) O Consello Europeo elixirá o seu presidente por maioría cualificada para un mandato de dous anos e medio, que poderá renovarse unha soa vez.
- b) O Consello Europeo elixirá o seu presidente por maioría cualificada para un mandato de catro anos, que poderá renovarse unha soa vez.
- c) O Consello Europeo elixirá o seu presidente por maioría cualificada para un mandato de dous anos e medio, que poderá renovarse dúas veces.
- d) O Consello Europeo elixirá o seu presidente por maioría cualificada para un mandato de catro anos, que poderá renovarse dúas veces.

10. Segundo o artigo 16 do Tratado da Unión Europea:

- a) O Consello exercerá funcións de control político e consultivas, nas condicións establecidas nos Tratados.
- b) O Consello dará á Unión os impulsos necesarios para o seu desenvolvemento e definirá as súas orientacións e prioridades políticas xerais. Non exercerá función lexislativa algunha.
- c) O Consello exercerá conxuntamente co Parlamento Europeo a función lexislativa e a función orzamentaria.
- d) O Consello supervisará a aplicación do Dereito da Unión baixo o control do Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

11. Segundo o artigo 17 do Tratado da Unión Europea:

- a) Os actos lexislativos da Unión só poderán adoptarse a proposta da Comisión, excepto cando os Tratados dispoñan outra cousa. Os demais actos adoptaranse a proposta da Comisión cando así o establezan os Tratados.

- b) Os actos da Unión só poderán adoptarse a proposta da Comisión, excepto cando os Tratados dispoñan outra cousa.
- c) Os actos legislativos da Unión só poderán adoptarse a proposta do Parlamento, excepto cando os Tratados dispoñan outra cousa. Os demais actos adoptaranse a proposta do Parlamento cando así o establezan os Tratados.
- d) Os actos da Unión só poderán adoptarse a proposta do Consello, excepto cando os Tratados dispoñan outra cousa.

12. Os actos administrativos suxeitos ao dereito administrativo serán válidos e producirán efectos, segundo o artigo 39 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

- a) Dende a súa publicación, salvo que neles se dispoña outra cousa.
- b) Dende a súa notificación, salvo que neles se dispoña outra cousa.
- c) Dende a data en que se diten, salvo que neles se dispoña outra cousa.
- d) Dentro dos 10 días seguintes á súa firmeza.

13. De acordo co artigo 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, contra a resolución dun recurso de alzada cabe:

- a) Recurso de reposición.
- b) Recurso extraordinario de revisión, nos casos do artigo 125.1.
- c) Recurso administrativo.
- d) Só o recurso de queixa.

14. Segundo o artigo 107.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o prazo para que a Administración declare a lesividade de actos anulables non poderá adoptarse unha vez transcorridos:

- a) 6 meses dende que se ditou o acto administrativo.
- b) 1 ano desde que se notificou o acto administrativo.
- c) 2 anos desde que se notificou o acto administrativo.
- d) 4 anos desde que se ditou o acto administrativo.

15. Segundo o artigo 47 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, son nulos de pleno dereito os actos ditados por órgano manifestamente incompetente por razón de:

- a) O territorio e xerarquía.
- b) A materia ou o territorio.
- c) A materia, contía e xerarquía.
- d) A contía, tempo e territorio.

16. Segundo o artigo 42 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que ocorre cando a declaración de nulidade dos actos preparatorios do contrato ou da adxudicación sexa firme?

- a) O contrato segue en vigor pero indemnízase ao contratista.
- b) A nulidade non afecta ao contrato asinado.
- c) O contrato entra en fase de liquidación, debendo restituírse as cousas reciprocamente entre as partes.
- d) O contrato cédesse a outra empresa.

17. Segundo o artigo 140.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que documento permite ás empresas manifestar, de forma preliminar e baixo a súa responsabilidade, que cumpren os requisitos previos para participar nun procedemento de contratación?

- a) O certificado de antecedentes penais.
- b) A declaración responsable.
- c) O informe da auditoría.
- d) O documento de solvencia técnica.

18. Segundo o artigo 210.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que ocorre cando transcorre o prazo de garantía sen obxeccións por parte da Administración?

- a) O contrato prorrógase automaticamente.
- b) O contratista debe devolver o 4% do importe.
- c) Queda extinguida a responsabilidade do contratista.
- d) Ábrese un novo período de liquidación.

19. Segundo o artigo 237.7 da Lei 9/2017, nos contratos de obras, que acto marca o inicio da execución?

- a) A sinatura do contrato.
- b) A aprobación do proxecto.
- c) A acta de comprobación do replanteo.
- d) A entrega de chaves.

20. De acordo co establecido no artigo 7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, sinala a opción correcta:

- a) Os órganos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia poderán avocar para si o coñecemento dun asunto cuxa resolución corresponda por delegación a un órgano administrativo independente.
- b) Contra o acordo de avocación non caberá recurso, aínda que a posible ilegalidade da avocación poderá facerse valer, no seu caso, no recurso que se interpoña contra a resolución do procedemento.
- c) Contra o acordo de avocación caberá recurso de alzada.
- d) Contra o acordo de avocación caberá recurso de reposición.

21. De acordo co sinalado no artigo 46 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, indique a opción correcta:

- a) A aprobación dun informe específico polo que se regulan as condicións de traballo do persoal e o réxime retributivo das entidades instrumentais requirirá por informe do Consello Consultivo de Galicia.
- b) A aprobación dos instrumentos polos que se regulen as condicións de traballo do persoal e o réxime retributivo das entidades instrumentais deberá ser negociada coas organizacións sindicais representativas no ámbito da función pública.
- c) Con carácter xeral, a través destes instrumentos implantarase un réxime retributivo igual ao resto do persoal laboral da Xunta de Galicia, sen prexuízo da existencia, no seu caso, de complementos de produtividade ou conceptos equivalentes vinculados ao grao de cumprimento de obxectivos.
- d) Con carácter xeral, a través destes instrumentos implantarase un réxime retributivo similar ao resto do persoal laboral da Xunta de Galicia, sen que poidan aplicarse complementos de produtividade ou conceptos equivalentes vinculados ao grao de cumprimento de obxectivos.

22. De acordo co sinalado no artigo 49 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, indique a opción correcta:

- a) Para os efectos da lexislación de contratos do sector público, o medio propio poderá ter a consideración de poder adxudicador nos contratos que deba celebrar para a realización das prestacións obxecto do encargo.
- b) O citado artigo non fai referencia aos medios propios.
- c) Para os efectos da lexislación de contratos do sector público, o medio propio sempre terá a consideración de poder adxudicador nos contratos que deba celebrar para a realización das prestacións obxecto do encargo.
- d) Para os efectos da lexislación de contratos do sector público, o medio propio nunca terá a consideración de poder adxudicador nos contratos que deba celebrar para a realización das prestacións obxecto do encargo.

23. De acordo co sinalado no artigo 50 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, indique a opción correcta:

- a) O importe correspondente aos gastos xerais e corporativos da entidade á que se lle realiza a encomenda non superará o 6% do importe da encomenda nas relativas a execucións de obras.
- b) O importe correspondente aos gastos xerais e corporativos da entidade á que se lle realiza a encomenda non superará o 10% do importe da encomenda nas relativas a execucións de obras.
- c) O importe correspondente aos gastos xerais e corporativos da entidade á que se lle realiza a encomenda non está establecido.
- d) O importe correspondente aos gastos xerais e corporativos da entidade á que se lle realiza a encomenda non superará a porcentaxe do importe da encomenda que fixe en cada caso o órgano de contratación.

24. Segundo o establecido no artigo 13.3 da Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, para os efectos establecidos no artigo 12.5 do Regulamento (UE) 2016/679, en que caso poderá considerarse repetitivo o exercicio do dereito de acceso?

- a) No exercicio do dereito en máis dunha ocasión durante o prazo de catro meses, agás que exista unha causa lexítima para iso.
- b) No exercicio do dereito en máis dunha ocasión durante o prazo de seis meses, agás que exista unha causa lexítima para iso.
- c) No exercicio do dereito en máis dunha ocasión durante o prazo de tres meses, agás que exista unha causa lexítima para iso.
- d) No exercicio do dereito en máis dunha ocasión durante o prazo de seis meses en todo caso.

25. Segundo o establecido no artigo 32 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a quen se atribúen as funcións do Comisionado da transparencia?

- a) Á Presidencia da Xunta de Galicia.
- b) Á Presidencia do Consello Consultivo de Galicia.
- c) Á Presidencia do Consello Económico e Social de Galicia.
- d) Á Presidencia do Valedor/a do Pobo.

26. Segundo o establecido no artigo 6 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, cando a información incluída na publicidade activa conteña datos especialmente protexidos, cal é a forma correcta de proceder?

- a) Denegarase totalmente a publicidade.
- b) Concederase só se o solicita un xuíz.
- c) A súa publicidade só se levará a cabo previa disociación dos datos.
- d) Remitirase sempre ao Consello da Xunta.

27. Segundo o artigo 33 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, cal das seguintes opcións recolle correctamente a composición da Comisión da Transparencia de Galicia?

- a) Presidencia: Valedor/a do Pobo; representante da Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación da Xunta, do Consello de Contas e da FEGAMP; secretaría con voz e sen voto.
- b) Presidencia: presidente/a do Consello Consultivo de Galicia; vogais: representante da Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación da Xunta, do Consello de Contas e da FEGAMP; secretaría con voz e voto.
- c) Presidencia: conselleiro/a de Facenda; vogais: só representantes da Xunta; secretaría sen voto.
- d) Presidencia: presidente/a da Xunta; vogais: Parlamento e sindicatos; secretaría con voto dirimente.

28. Segundo o establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os beneficiarios teñen, entre outras, cales obrigas?

- a) Acreditar tras ditarse a proposta de resolución de concesión que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias.
- b) Acreditar tras ditarse a proposta de resolución de concesión que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas fronte á seguridade social.
- c) Acreditar tras ditarse a proposta de resolución de concesión que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma.

- d) Comunicar ao órgano concedente ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

29. Segundo o establecido no artigo 26.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por que importe se requirirá a autorización previa do Consello da Xunta de Galicia para a concesión de subvencións?

- a) Por importe superior a 100.000 euros, ou o que determinen as leis anuais de orzamentos.
- b) Por importe superior a 150.000 euros, ou o que determinen as leis anuais de orzamentos.
- c) Por importe superior a 125.000 euros, ou o que determinen as leis anuais de orzamentos.
- d) Por importe superior a 149.000 euros, ou o que determinen as leis anuais de orzamentos.

30. Segundo o establecido no artigo 32 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, en relación coa erradicación do sexismo na linguaxe institucional sinala a resposta correcta:

- a) A administración autonómica velará polo uso non sexista da linguaxe nas administracións locais e promoverao nas restantes administracións radicadas en Galicia.
- b) A administración autonómica velará polo uso non sexista da linguaxe nas administracións radicadas en Galicia.
- c) A administración estatal velará polo uso non sexista da linguaxe nas administracións autonómicas.
- d) A administración autonómica velará polo uso sexista da linguaxe nas administracións locais e promoverao nas restantes administracións radicadas en Galicia.

31. Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a actividade económico-financieira da Comunidade Autónoma está sometida a que principios?

- a) Control interno, de contabilidade e de unidade de caixa que se determinan na antedita Lei.
- b) Orzamento anual e autonomía plena.
- c) Autonomía de xestión.
- d) Discrecionalidade administrativa.

32. Segundo o establecido no artigo 23 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, agás o establecido polas leis reguladoras dos diferentes recursos, o dereito da Facenda da Comunidade a recoñecer ou liquidar créditos ao seu favor, computándose o citado prazo desde o día en que o dereito puido exercerse, cando prescribirá?
- a) Aos 3 anos.
 - b) Aos 4 anos.
 - c) Aos 5 anos.
 - d) Aos 10 anos.
33. Segundo o establecido no artigo 24 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, de onde nacen as obrigas económicas da Comunidade e dos seus organismos autónomos?
- a) Só da lei.
 - b) Só dos negocios xurídicos e dos actos e feitos que, conforme ao dereito, as xeren.
 - c) Só das directivas comunitarias.
 - d) Da lei, dos negocios xurídicos e dos actos e feitos que, conforme ao dereito, as xeren.
34. Segundo o establecido no artigo 52 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, o Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma, acompañado da documentación establecida no número 5 do artigo 51, cando se remitirá ao Parlamento de Galicia?
- a) Antes do 20 de novembro.
 - b) Antes do 1 de novembro.
 - c) Antes do 20 de outubro.
 - d) Antes do 30 de outubro.
35. Segundo o artigo 54 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido de Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, que ocorre se a Lei de Orzamentos Xerais de Galicia non é aprobada antes do primeiro día do exercicio económico?
- a) Prorróganse automaticamente os orzamentos do exercicio inmediato anterior, previa autorización do Consello de Contas.
 - b) Quedan suspendidos todos os gastos ata a nova aprobación.
 - c) Prorróganse automaticamente os orzamentos do exercicio inmediato anterior.
 - d) O Parlamento debe aprobar unha lei de continuidade orzamentaria.

36. Segundo o artigo 46 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido de Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, cal das seguintes opcións define correctamente os Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma?
- a) Constitúen exclusivamente a previsión de ingresos da Xunta de Galicia para cada exercicio.
 - b) Son un documento meramente orientativo sen efectos xurídicos vinculantes.
 - c) Recollen unicamente os gastos das consellerías sen incluír organismos autónomos.
 - d) Constitúen a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas máximas a recoñecer, dereitos a liquidar e obxectivos a acadar coa utilización dos recursos financeiros.
37. Un traballador é contratado por circunstancias da produción durante un mes. O convenio colectivo non di nada. Pode pactarse un período de proba dun mes en base ao artigo 14 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores?
- a) Si, é o límite xeral para traballadores non cualificados.
 - b) Si, porque os contratos temporais non teñen regras específicas de proba.
 - c) Si, sempre que se pacte por escrito e non exceda dun mes, salvo que o convenio colectivo dispoña outra cousa.
 - d) Non, está prohibido pactar período de proba en contratos de duración inferior a tres meses.
38. Un empregado con contrato a tempo parcial, no que se prevé por escrito a posibilidade de realizar horas adicionais á xornada ordinaria, realiza de mutuo acordo 4 horas a maiores da súa xornada pactada para afrontar un pico de traballo. Legalmente, estas horas clasifícanse como:
- a) Horas extraordinarias comúns.
 - b) Horas complementarias.
 - c) Horas estruturais obrigatorias.
 - d) Horas por forza maior.
39. Unha inundación destrúe a maquinaria dunha fábrica, impedindo a actividade durante dous meses. Para suspender os contratos do persoal de 50 traballadores, a empresa debe tramitar:
- a) Un despedimento colectivo por causa de forza maior (Artigo 51).
 - b) Un ERTE por causas organizativas e de produción (Artigo 47.1).

- c) Un ERTE por causa de forza maior temporal (Artigo 47.5), que require constatación da autoridade laboral.
 - d) Un peche patronal de emerxencia sen intervención da autoridade laboral.
40. Segundo o artigo 49 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, ante a finalización do contrato, excepto nos contratos formativos e o contrato de duración determinada por causa de substitución, que indemnización xenérica corresponde á persoa traballadora?
- a) Non ten dereito a percibir indemnización algunha.
 - b) Sete días de salario por cada ano de servizo prestado na empresa.
 - c) Unha cantidade equivalente á parte proporcional da cantidade que resultaría de abonar doce días de salario por cada ano de servizo.
 - d) Unha cantidade fixa correspondente a unha mensualidade do seu salario base bruto.
41. Unha empresa conta cun convenio colectivo propio. O convenio sectorial regula a distribución do tempo de traballo, pero o convenio de empresa establece unha planificación horaria específica. Segundo o artigo 84.2 do Estatuto dos Traballadores, que convenio ten prioridade aplicativa nesta materia?
- a) O convenio provincial.
 - b) O convenio de empresa.
 - c) Aplícase o convenio de empresa só se os seus salarios totais, sumando todos os conceptos, superan ao provincial.
 - d) O convenio de empresa queda anulado de forma automática ao existir convenio sectorial.
42. Un profesor titular dunha Universidade pública quere saber se a Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas afecta á súa situación. Segundo o artigo 2 de dita lei, as limitacións do réxime de incompatibilidades aplícanse a:
- a) Unicamente o persoal funcionario de carreira da Administración do Estado.
 - b) O persoal funcionario e estatutario, quedando excluído o persoal laboral.
 - c) Todo o persoal civil e militar ao servizo de calquera Administración Pública, sexa cal for a súa relación xurídica.
 - d) Só aos altos cargos das entidades locais e autonómicas.

43. Conforme o artigo 7 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, que limitación económica xeral imponse á percepción de retribucións nos supostos de autorización de compatibilidade para un segundo posto público?
- a) Poderase percibir o 100% das retribucións básicas e complementarias de ambos os postos de traballo.
 - b) Non se poderá superar a remuneración máxima fixada nos Orzamentos Xerais do Estado para o cargo de director xeral.
 - c) O soldo do segundo posto reducirase automaticamente nun 50% de forma obrigatoria.
 - d) Queda absolutamente prohibido percibir calquera tipo de retribución económica polo segundo posto.
44. Un enfermeiro do servizo público de saúde escribe unha novela no seu tempo libre e unha editorial decide publicala pagándolle dereitos de autor. Conforme o artigo 19 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, esta actividade privada:
- a) Require solicitar o recoñecemento previo de compatibilidade ante o seu hospital.
 - b) Está prohibida por tratarse dunha actividade privada de carácter lucrativo.
 - c) Queda exceptuada da lei, podendo exercerse libremente se non altera a súa xornada.
 - d) É legal só se os beneficios económicos obtidos son menores que a súa retribución anual no seu posto do servizo público.
45. Conforme o artigo 14 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a protección dos traballadores fronte aos riscos laborais constitúe:
- a) Un dereito subxectivo do traballador condicionado a que este non incorra en imprudencias profesionais durante o desempeño da súa tarefa.
 - b) Un dereito dos traballadores e un deber correlativo do empresario, así como das Administracións Públicas.
 - c) Unha obrigaón exclusiva da Inspección de Traballo e Seguridade Social mediante visitas periódicas.
 - d) Unha responsabilidade única dos propios traballadores a través dos seus delegados de prevención.

46. Ao amparo do artigo 19, da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, a formación en materia de prevención de riscos laborais impartida polo empresario:

- a) Deberá ser custeada integramente polo traballador mediante deducións na súa nómina mensual.
- b) Deberá impartirse, sempre que sexa posible, dentro da xornada de traballo ou, na súa falta, noutras horas, pero descontándose da xornada o tempo investido nela.
- c) Realizarase exclusivamente de forma virtual fóra da xornada de traballo sen dereito a compensación.
- d) Poderá ser substituída na súa totalidade pola entrega ao traballador dun manual impreso ou folleto informativo sobre os riscos do seu posto.

47. Ao amparo do artigo 25, da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, o empresario garantirá de maneira específica a protección dos traballadores que, polas súas propias características persoais ou estado biolóxico coñecido, sexan:

- a) Menores de corenta e cinco anos con contratos temporais superiores a seis meses.
- b) Especialmente sensibles aos riscos derivados do traballo.
- c) Maiores de 50 anos e sensibles aos riscos derivados do traballo.
- d) Traballadores estranxeiros con permiso de residencia de carácter estritamente temporal.

48. Segundo o artigo 11.3 do convenio colectivo da CSAG, cal é o réxime correcto de validez dos acordos da Comisión paritaria de vixilancia e interpretación?

- a) Os acordos tomaranse por maioría simple de cada parte e serán válidos con calquera número de asistentes.
- b) Os acordos tomaranse por unanimidade e requiren a asistencia mínima de 8 membros, sempre con carácter paritario.
- c) Os acordos tomaranse por unanimidade en primeira convocatoria e por maioría absoluta en segunda, sen quórum mínimo esixido.
- d) Os acordos tomaranse por maioría de dous terzos e serán válidos sempre que asistan polo menos 6 membros, sen que sexa necesario o carácter paritario.

49. Segundo o artigo 34.3.4 do convenio colectivo da CSAG, nos horarios flexibles e dispoñibles con cómputo semanal, cal é o límite de horas ordinarias traballadas durante a semana e en que prazo deben compensarse?
- a) 40 horas, que deberán ser compensadas nas dúas semanas seguintes.
 - b) 45 horas, que deberán ser compensadas nas catro semanas seguintes.
 - c) 48 horas, que deberán ser compensadas nos tres meses seguintes.
 - d) 50 horas, que deberán ser compensadas nas doce semanas seguintes.
50. Segundo o artigo 24 do Real Decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, as accións para impoñer sancións por incumprimento das normas da Seguridade Social prescriben aos:
- a) 2 anos.
 - b) 3 anos.
 - c) 4 anos.
 - d) 5 anos.
51. De acordo co artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, cal é a duración máxima da incapacidade temporal?
- a) 365 días prorrogables por 90 días máis.
 - b) 365 días prorrogables por 180 días máis.
 - c) 2 anos.
 - d) 365 días prorrogables por 30 máis con informe médico xustificativo.
52. De acordo co artigo 205 do Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, para acceder á pensión de xubilación contributiva requírese ter cumprida a idade e un período mínimo de cotización de:
- a) 10 anos.
 - b) 15 anos.
 - c) 25 anos.
 - d) 35 anos.
53. Segundo o artigo 2.2 da Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual, que se entende por «responsabilidade editorial» no ámbito da prestación do servizo de comunicación audiovisual?
- a) A obriga do prestador de verificar previamente todos os contidos antes da súa emisión, incluídos os xerados por terceiros, para garantir o cumprimento dos principios do Título I.

- b) O exercicio do control efectivo sobre a selección dos programas e sobre a súa organización, xa sexa nun horario de programación ou nun catálogo de programas.
- c) A titularidade dos dereitos de propiedade intelectual sobre os contidos emitidos no servizo de comunicación audiovisual, con independencia da súa orixe.
- d) A responsabilidade legal do prestador polos contidos difundidos, incluídos os procedentes de terceiros con control editorial propio.

54. Segundo o artigo 4.2 da Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual, a comunicación audiovisual non incitará ao odio nin á discriminación por razón de, entre outras, orientación sexual ou identidade de xénero. Segundo o artigo 157.1 da mesma lei, a emisión de contidos que de forma manifesta inciten ao odio ou á discriminación por estas razóns clasifícase como:

- a) Infracción grave, sancionable con multa de ata 300.000 euros para prestadores con ingresos superiores a dous millóns de euros.
- b) Infracción leve, salvo que a conduta implique simultaneamente a provocación pública á comisión dun delito tipificado no Código Penal.
- c) Infracción moi grave, con independencia do nivel de ingresos do prestador responsable.
- d) Infracción grave cualificada que pode levar aparellada como sanción accesoria o cese provisional das emisións.

55. Segundo o artigo 29.3 da Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual, a renovación automática dunha licenza para prestar o servizo de comunicación audiovisual televisivo mediante ondas hertzianas terrestres non terá lugar cando concorran os requisitos establecidos neste precepto. Cal das seguintes circunstancias NON forma parte dese réxime?

- a) Que o espectro radioeléctrico estea esgotado.
- b) Que exista un terceiro ou terceiros que pretendan a concesión da licenza e que a soliciten cunha antelación de polo menos vinte e catro meses respecto da data de vencemento.
- c) Que o titular da licenza superase o 27% de audiencia media acumulada nos doce meses anteriores ao vencemento.
- d) Que o solicitante ou solicitantes cumpran os mesmos requisitos que foron tidos en conta para a obtención da licenza polo adxudicatario actual.

56. Segundo os artigos 115.1 e 119.2 da Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual, un prestador privado do servizo de comunicación audiovisual televisivo lineal en aberto con ingresos computables de 60 millóns de euros anuais ten unha obriga de cota de emisión e unha obriga de financiamento anticipado. Cal é a combinación correcta?
- a) Reservar o 30% do tempo de emisión a obras europeas e destinar o 6% dos ingresos ao financiamento anticipado de obra audiovisual europea.
 - b) Reservar o 51% do tempo de emisión a obras europeas e destinar o 6% dos ingresos ao financiamento anticipado de obra audiovisual europea.
 - c) Reservar o 51% do tempo de emisión a obras europeas e destinar o 5% dos ingresos ao financiamento anticipado de obra audiovisual europea.
 - d) Reservar o 40% do tempo de emisión a obras europeas e destinar o 5% dos ingresos ao financiamento anticipado de obra audiovisual europea.
57. Un prestador do servizo de comunicación audiovisual televisivo lineal en aberto emite un programa de concurso patrocinado por unha marca de bebidas alcohólicas con graduación de 22 graos. O patrocinio identifícase mediante o logotipo do patrocinador ao inicio e ao final do programa, emitido ás 19:30 horas. Segundo os artigos 121.1 e 123.4 da Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual, esta situación é:
- a) Conforme á lei, porque o patrocinio non computa como comunicación comercial audiovisual para os efectos dos límites horarios do artigo 123.
 - b) Contraria á lei, porque as bebidas alcohólicas con graduación superior a 20 graos non poden patrocinar ningún tipo de programa en ningún horario.
 - c) Contraria á lei, porque a comunicación comercial audiovisual de bebidas alcohólicas con graduación superior a 20 graos só pode emitirse entre a 1:00 e as 5:00 horas, e o patrocinio é unha forma de comunicación comercial audiovisual.
 - d) Conforme á lei, sempre que o patrocinio non incite directamente á compra e o programa non estea dirixido a menores.
58. Un creador de contidos establecido en España publica vídeos regularmente nunha plataforma de intercambio, obtén ingresos significativos derivados da súa actividade, exerce responsabilidade editorial sobre os contidos que pon á disposición do público, alcanza un impacto significativo, o seu servizo ten como función informar, entreter ou educar e o seu obxectivo principal é a distribución de contidos audiovisuais. Solicita non inscribirse no Rexistro estatal alegando que é unha persoa física. Segundo o artigo 94 da Lei 13/2022, esta alegación é:
- a) Correcta, porque o Rexistro estatal só é obrigatorio para persoas xurídicas titulares de licenza ou comunicación previa.

- b) Correcta, porque os creadores individuais están expresamente excluídos do ámbito de aplicación da lei conforme ao artigo 3.8.
- c) Incorrecta, porque quen cumpra os requisitos do artigo 94.2 ten a consideración de usuario de especial relevancia e está obrigado a inscribirse no Rexistro estatal conforme ao artigo 94.4.
- d) Incorrecta unicamente se o creador é persoa xurídica; os creadores individuais están exentos da obriga de inscrición.

59. Un prestador do servizo de comunicación audiovisual televisivo lineal en aberto, con ingresos devindicados no exercicio inmediatamente anterior iguais a 80 millóns de euros pola prestación do servizo de comunicación audiovisual no mercado audiovisual español, incumpre en máis dun 10% a súa obriga de financiamento anticipado de obra audiovisual europea e, simultaneamente, emite un programa clasificado «non recomendado para menores de 18 anos» ás 21:30 horas. Segundo os artigos 157, 158 e 160 da Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual, cal é a cualificación correcta das dúas condutas?

- a) Ambas as dúas son infraccións graves; a multa máxima é de 300.000 euros por cada unha para prestadores con ingresos desa contía.
- b) O incumprimento da cota de financiamento é infracción moi grave e a emisión fóra de horario é infracción grave; a multa máxima pola infracción moi grave é do 3 % dos ingresos devindicados no exercicio inmediatamente anterior, cun tope de 1.500.000 euros.
- c) Ambas as dúas son infraccións moi graves, con multa máxima do 3% dos ingresos, cun tope de 1.500.000 euros cada unha.
- d) O incumprimento da cota de financiamento é infracción grave e a emisión fóra de horario é infracción moi grave por afectar directamente á protección dos menores.

60. Segundo o artigo 23 da Directiva 2010/13/UE, na redacción dada pola Directiva (UE) 2018/1808, a proporción de anuncios de publicidade televisiva e de anuncios de televenta no período comprendido entre as 6:00 e as 18:00 horas non poderá superar:

- a) 15% do tempo do dito período.
- b) 20% do tempo do dito período.
- c) 25% do tempo de emisión.
- d) 30% do tempo de emisión.

61. Segundo o artigo 13 da Directiva 2010/13/UE, na redacción dada pola Directiva (UE) 2018/1808, os Estados membros poden esixir aos prestadores de servizos de comunicación audiovisual a petición que contribúan financeiramente á produción de obras europeas mediante:

- a) A prohibición de emitir obras non europeas.
- b) Investimentos directos en contidos e cotas a fondos nacionais.
- c) A eliminación de toda publicidade.
- d) A gratuidade do servizo para o usuario.

62. Segundo o artigo 7 da Directiva 2010/13/UE, na redacción dada pola Directiva (UE) 2018/1808, que deben promover os Estados membros?

- a) Que os servizos sexan gratuítos para todos.
- b) Que os servizos sexan progresivamente accesibles para persoas con discapacidade mediante medidas proporcionadas.
- c) Que os servizos eliminen as barreiras lingüísticas.
- d) Que os servizos se axusten á viabilidade técnica priorizando a homoxeneidade e a proporcionalidade.

63. Unha empresa compra un local por 300.000 €. Ao peche do exercicio, o valor de mercado do inmovible subiu a 380.000 €. O xerente propón revalorizar o activo para reflectir o valor real. Segundo o PXC, é posible esta revalorización?

- a) Si, porque o principio de imaxe fiel obriga a reflectir o valor real dos activos en todo momento.
- b) Si, pero só se existe taxación oficial realizada por un perito independente que acredite o novo valor.
- c) Non, porque o inmovible debe manterse polo seu custo menos a amortización acumulada e, se procede, as perdas por deterioración.
- d) Non, agás que a empresa teña autorización expresa do ICAC para aplicar o modelo de revalorización.

64. Unha sociedade anónima realiza unha ampliación de capital, posteriormente inscrita no Rexistro Mercantil, emitindo 10.000 accións novas cun valor nominal de 5 € cada unha e unha prima de emisión de 3 € por acción. O desembolso mínimo esixido legalmente realízase no momento da subscrición, e o resto queda pendente de desembolso. Que importe figurará nas contas “Capital social” e “Prima de emisión” unha vez inscrita a ampliación?

- a) Capital social: 50.000 €; Prima de emisión: 30.000 €.
- b) Capital social: 12.500 €; Prima de emisión: 30.000 €.
- c) Capital social: 50.000 €; Prima de emisión: 7.500 €.
- d) Capital social: 12.500 €; Prima de emisión: 7.500 €.

65. Unha sociedade ten un crédito comercial de 20.000 € contra un cliente que entra en concurso de acredores. A administración concursal estima que se recuperará o 40% do importe. Segundo a NRV 9.^a do PXC, cal é o importe do deterioro de valor que debe recoñecerse e como afecta ao resultado do exercicio?
- a) Deterioro de 8.000 €, recoñecido como gasto no exercicio.
 - b) Deterioro de 12.000 €, recoñecido como gasto no exercicio.
 - c) Deterioro de 12.000 €, levado directamente contra reservas sen afectar ao resultado.
 - d) Non procede recoñecer deterioro ata que recaia sentenza xudicial firme.
66. Unha sociedade anónima ten un capital social de 200.000 € e unha reserva legal de 30.000 €. O beneficio do exercicio é de 50.000 €. Segundo o artigo 274 do Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital, que importe mínimo deberá destinarse á reserva legal?
- a) 5.000 €, o 10% do beneficio do exercicio.
 - b) 10.000 €, o 20% do beneficio do exercicio.
 - c) Non é obrigatorio destinar ningún importe, pois a reserva legal xa superou o 10% do capital social.
 - d) 10.000 €, o importe necesario para alcanzar o 20% do capital social.
67. Segundo a norma de rexistro e valoración 19.^a do PXC, relativa ás combinacións de negocios, cal é o método de valoración que debe aplicarse con carácter xeral nas fusións entre empresas que non pertencen ao mesmo grupo?
- a) O método da posta en equivalencia, polo que os activos e pasivos da entidade absorbida se incorporan polo seu valor contable.
 - b) O método de adquisición, identificando un adquirente e valorando os activos identificables adquiridos e os pasivos asumidos polo seu valor razoable na data de adquisición.
 - c) O método de unión de intereses, polo que os activos e pasivos de ambas as entidades se combinan polo seu valor en libros sen recoñecer ningún fondo de comercio.
 - d) O método do custo histórico, polo que os activos da entidade absorbida se incorporan polo valor que tiñan na contabilidade desta.
68. Unha empresa concede un préstamo a un cliente o 1 de outubro por importe de 12.000 €, a devolver nun ano, cun tipo de xuro efectivo anual do 4% e sen comisións nin custos de transacción relevantes. Para os efectos do suposto, considéranse tres meses completos ata o peche do exercicio. Que importe de ingresos financeiros debe recoñecer ao 31 de decembro segundo a NRV 9.^a do PXC?

- a) 0 €, porque os xuros só se recoñecen no momento do cobramento efectivo.
- b) 120 €, correspondentes aos xuros devindicados durante tres meses completos.
- c) 360 €, correspondentes aos xuros pendentes ata o vencemento do préstamo.
- d) 480 €, correspondentes aos xuros de todo o ano contractual.

69. Segundo o artigo 2 do Código de Comercio, que criterio determina a aplicación das súas normas aos actos de comercio?

- a) Só se aplican cando quen realiza o acto ten a condición formal de comerciante inscrito no Rexistro Mercantil.
- b) Aplícanse aos actos de comercio, sexan ou non comerciantes as persoas que os executen.
- c) Só se aplican aos contratos celebrados entre sociedades mercantís inscritas.
- d) Aplícanse unicamente cando non exista regulación civil aplicable ao suposto concreto.

70. Unha sociedade anónima ten 100.000 accións con dereito a voto. En primeira convocatoria dunha xunta para modificar os estatutos sociais, acoden socios que representan 45.000 accións. Segundo o artigo 194 do Real Decreto Legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital, quedou constituída validamente a xunta?

- a) Si, porque o quórum xeral en primeira convocatoria é do 25% do capital con dereito a voto.
- b) Si, porque 45.000 accións superan o quórum mínimo de 40.000 que esixe o artigo 194 para este tipo de acordos.
- c) Non, porque o artigo 194 esixe para modificacións estatutarias en primeira convocatoria a presenza do 50% do capital subscrito con dereito a voto, e só acudiron o 45%.
- d) Non, porque para modificar estatutos se require sempre a asistencia da totalidade dos accionistas.

71. Segundo o artigo 249 bis do Real Decreto Legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital, que facultades do consello de administración dunha sociedade anónima non poden ser obxecto de delegación en ningún caso?

- a) A supervisión das filiais estranxeiras e a aprobación do orzamento anual.
- b) A contratación de persoal directivo e a política de responsabilidade social corporativa.
- c) A determinación das políticas e estratexias xerais, a supervisión e control da xestión, a formulación das contas anuais e a súa presentación á xunta xeral.

- d) A aprobación de contratos con provedores superiores a 500.000 € e a política de dividendos.

72. Unha sociedade anónima con capital social de 60.000 € presenta ao peche do exercicio perdas que reducen o patrimonio neto a 18.000 €. Segundo o artigo 363 e o artigo 365 do Real Decreto Legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital, que obriga lles corresponde aos administradores e en que prazo?

- a) Deben solicitar o concurso de acredores de forma inmediata, xa que a situación implica insolvencia legal.
- b) Deben convocar a xunta xeral no prazo de dous meses para que adopte o acordo de disolución ou, se consta na orde do día, medidas para remover a causa.
- c) Non existe obriga inmediata; a lei só obriga a actuar cando o patrimonio neto sexa negativo.
- d) Deben notificar a situación ao Rexistro Mercantil no prazo de dez días para que inicie de oficio o procedemento de disolución.

73. Segundo o artigo 376 do Real Decreto Legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital, quen asume por defecto a condición de liquidador dunha sociedade anónima cando os estatutos non din nada ao respecto e a xunta xeral non nomeou liquidadores?

- a) Un liquidador nomeado polo Rexistro Mercantil por solicitude dos acredores.
- b) Os administradores que estivesen no cargo no momento da disolución convértese en liquidadores.
- c) O socio maioritario asume a liquidación por ministerio da lei ata que a xunta designe liquidadores.
- d) É obrigatorio que a xunta designe liquidadores; sen ese nomeamento a disolución non produce efectos.

74. Unha sociedade anónima transmite en bloque unha rama de actividade a unha sociedade nova que ela mesma constitúe, recibindo a propia sociedade transmitente as accións da nova sociedade. Segundo o artigo 61 do Real Decreto-lei 5/2023, do 28 de xuño, polo que se transpón a Directiva 2019/2121 e se regulan as modificacións estruturais das sociedades mercantís, ante que modalidade de modificación estrutural nos atopamos?

- a) Escisión total, xa que a sociedade transmite todo o seu patrimonio e se extingue.
- b) Escisión parcial, xa que se transmite unha rama de actividade e os socios da sociedade transmitente reciben as participacións da nova sociedade.

- c) Segregación, xa que se transmite en bloque unha parte do patrimonio a outra sociedade e a contraprestación en accións ou participacións a recibe a propia sociedade transmitente, non os seus socios.
- d) Cesión global de activo e pasivo, xa que se transmite unha unidade económica completa a cambio dunha contraprestación.

75. A ferramenta “Combinar” en Word serve para:

- a) Concatenar documentos vinculados nun só documento, de xeito secuencial.
- b) Unir as revisións de varios autores nun único documento.
- c) Engadir nun documento información externa mediante hipervínculos.
- d) Incorporar os comentarios no texto dun documento.

76. En Word, que é unha referencia cruzada?

- a) Comentario vinculando dúas seccións do texto.
- b) Índice anidado con referencias a documentos externos.
- c) Marcador que apunta a un parágrafo doutro documento.
- d) Ligazón interna a outro elemento do documento.

77. Que característica define un ficheiro CSV en Excel?

- a) Os datos gárdanse en formato binario.
- b) As columnas sepáranse mediante coma ou punto e coma.
- c) Só permite almacenar texto sen estrutura.
- d) É un arquivo exclusivo de Microsoft Excel.

78. En Excel, cal é o atallo para nova folla?

- a) Ctrl + N.
- b) Shift + F11.
- c) Ctrl + M.
- d) Alt + F12.

79. En Writer, como se centra un texto?

- a) Control + U.
- b) Control + M.
- c) F12.
- d) Control + E.

80. En Calc, como debemos hacer se queremos obter nunha cela o valor numérico de outra cela que está en formato texto?

- a) Empregar a función VALOR.
- b) Empregar a función SUBSTITUIR, indicando no parámetro que desexamos unha saída numérica.
- c) Empregar a función ÉNUMERO.
- d) Empregar a función TIPO indicando no parámetro que desexamos unha saída numérica.

PREGUNTAS DE RESERVA

141. Segundo o artigo 4 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, que se entende legalmente por "risco laboral grave e inminente"?
- a) Aquel risco que xera unha baixa médica superior a noventa días naturais en todo caso.
 - b) Aquel que resulte probable que se materialice nun futuro inmediato e poida supoñer un dano grave para a saúde dos traballadores.
 - c) Aquel risco asociado a actividades declaradas legalmente como perigosas ou penosas que non poida ser eliminado mediante o uso de equipos de protección individual (EPI).
 - d) Calquera continxencia laboral que ocorra durante a xornada ordinaria do centro de traballo.
142. Segundo o artigo 176 do Real Decreto Lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital, con que antelación mínima debe convocarse a xunta xeral dunha sociedade anónima?
- a) 15 días naturais.
 - b) Un mes.
 - c) 30 días naturais.
 - d) 45 días naturais.
143. Segundo o establecido no artigo 19 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ¿cal é o procedemento ordinario de concesión de subvencións?
- a) Concesión directa.
 - b) Concorrenza competitiva.
 - c) Rateo das axudas.
 - d) Concorrenza non competitiva.
144. En Writer, se quero que nas propiedades de cada documento co que traballe se amose o meu nome e apelidos, e as miñas iniciais, debo:
- a) Escribilos na pestana Xeral das propiedades do documento.
 - b) Escribilos en Ferramentas, Opcións, Writer do LibreOffice e marcar que se utilicen os datos para as propiedades do documento.
 - c) Escribilos en Ferramentas, Opcións, LibreOffice, Datos de usuario e marcar que se utilicen os datos para as propiedades do documento.
 - d) Escribilos en Ferramentas, Opcións, Cargar/Gardar, e marcar que se utilicen os datos para as propiedades do documento.

